

CEIP As Bizocas

PLAN DE LECTURA



Curso 2022/26



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP "AS BIZOCAS"
Balea s/n 36988 O Grove- Pontevedra-Telf. 886 15 19 72
e-mail:ceip.asbizocas@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipasbizocas



DATA DE REVISIÓN POLA CCP: 21/11/2023

DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 05/12/2023

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 05/12/2023

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN EDUCATIVA: 11/12/2023

Este documento foi elaborado polo Equipo de biblioteca en colaboración co profesorado e aprobado polo Claustro e ConselloEscolar.



1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO.....	5
2.1 Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.....	5
2.2 Identificación de logros e dificultades.....	9
2.3 Análise das metodoloxías empregadas.....	9
2.4 Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.....	10
2.5 Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.....	10
3. OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN.....	11
3.1 Formación de lectores competentes.....	11
3.2 Creación e consolidación de hábitos de lectura.....	12
3.3 O proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información. Literacidade. Competencia lectora. Competencia literaria.....	13
3.4 Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.....	13
3.5 Metodoloxías máis axeitadas.....	14
3.6 Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.....	15
3.7 A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social.....	15
3.8 Recursos culturais do entorno. (Bibliotecas e outros).....	16
4. INTERVENCIÓNS QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR.....	16
4.1 Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.....	16
4.2 Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas.....	17
4.3 Actividades de educación documental (educación en información). Integración das TIC.....	17
4.4 Implicación das familias e do entorno.....	17
5. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	18
5.1 Elaboración de instrumentos.....	18
6. ELABORACIÓN, SUPERVISIÓN E APROBACIÓN.....	19



1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Lectura de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual.

Procura a adquisición das competencias clave tendo en conta o actual Decreto 155/2022, especialmente en comunicación lingüística (CCL), competencia plurilingüe (CP), a competencia dixital (CD), persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

O noso centro educativo é un CEIP (Colexio de Educación Infantil e Primaria) de titularidade pública e polo tanto, para o deseño deste Plan de Lectura o profesorado ten en conta:

- A guía orientativa publicada pola Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Título III, artigo 33 sobre *Bibliotecas escolares e aproximación á lectura*.
- Documento do Consello da Unión Europea do 26 de novembro de 2012 que fai referencia a necesidade de favorecer a alfabetización múltiple (*comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e as imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica*).
- Informe de 2015 do Consello e da Comisión da Unión Europea en favor das pedagogías innovadoras e activas, baseadas en metodoloxías participativas e traballos por proxectos.
- Instrucións de comezo de curso, da dirección xeral de ordenación e innovación educativa en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da consellería de cultura, educación, formación profesional e universidades.
- Características e necesidades do alumnado, do contexto e recursos dispoñibles.



A biblioteca escolar será o centro de recursos que estará a disposición de toda a comunidade educativa e todo o profesorado estará involucrado e comprometido en elaborar e levar a práctica o establecido neste documento en todas as áreas de aprendizaxe.

2. ANÁLISIS DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO

2.1 Prácticas lectoras e escritoras do alumnado

En canto ás prácticas lectoras e escritoras do alumnado, este centro destina un tempo específico despois do lecer para levar a cabo actividades do Plan de Lectura. Este tempo de fomento da lectura e escritura é programado de forma coordinada nos diferentes cursos.


Para analizar as prácticas lectoras e escritoras do alumnado teranse en conta varias fontes de información que nos indican o nivel do que partimos: enquisas sobre lectura e escritura feitas ao alumnado e familias sobre as prácticas lectoras dos seus fillos e número de fondos emprestados a través da nosa biblioteca durante os últimos anos.

Tamén se teñen en conta os resultados obtidos polo alumnado nas avaliacións ordinarias das competencias lingüísticas nas diferentes áreas de aprendizaxe e o análise das avaliacións externas.

GRÁFICAS-RESUMO DOS RESULTADOS DAS ENQUISAS FEITAS A INICIOS DO CURSO 2022-23

GUSTO POLA LECTURA

Gusto pola lectura
50 respostas




EN QUE LUGAR COLLES OS LIBROS?



En que lugar colles os libros?

51 respostas




- Biblioteca escolar
- Biblioteca pública
- Amigos
- Librería
- Casa

QUE TIPO DE LECTURAS CHE GUSTAN?

Que tipo de lecturas che gustan?

50 respostas




- Poesía
- Contos
- Cómicos
- Novelas
- Teatro
- Revistas e xornais
- Libros informativos
- Literatura multimedia

CON QUE FRECUENCIA CONSULTAS OS LIBROS PARA OS TRABALLOS?

Con que frecuencia consultas os libros para os traballos?

50 respostas




- Case sempre
- Moitas veces
- Ás veces
- Nunca

CON QUE FRECUENCIA VISITAS A BIBLIOTECA?



Con que frecuencia visitas a biblioteca?


50 respuestas



CON QUE FRECUENCIA VISITAS A BIBLIOTECA COA MESTRA/E?

Con que frecuencia visitas a biblioteca coa mestra/e?


50 respuestas



QUE RECURSOS EMPREGAS CON MÁIS FRECUENCIA?

Que recursos empregas con máis frecuencia?

50 respuestas




CANTAS LECTURAS FAS Ó MES?



Cantas lecturas fas ó mes?


50 respostas



CANTOS LIBROS TES NA CASA?

Cantos libros tes na casa?


50 respostas



QUEN É A PERSOA MÁIS LECTORA DA CASA?

Quen é a persoa máis lectora da casa?

50 respostas



Como conclusión das enquisas levadas a cabo durante o 1º trimestre do curso 22/23, podemos dicir que a maioría do noso alumnado gústalle ler, visitar a biblioteca con e sen o seu profesorado, leva libros empréstados de forma regular, fan máis de 5 lecturas ao mes aproximadamente e busca información nos libros e na internet para realizar traballos de investigación. Ademais, tamén fan uso da biblioteca pública de San Vicente e algúns dos libros cómpranos en librerías da zona. Os libros que máis gustan ao alumnado son os contos.



Así mesmo, o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria son os que están máis involucrados no uso, funcionamento, actividades e horarios de apertura da biblioteca, xa que a maioría forman parte do equipo de axudantes-voluntarios. Deberase mellorar na formación de usuarios do resto dos niveis educativos nos inicios de curso, así como na formación do profesorado novo.

2.2 Identificación de logros e dificultades

Dende o curso 18/19 no que se comezou a traballar de forma máis colaborativa todo o claustro conseguiu un maior interese por investigar e descubrir polo que as visitas á biblioteca foron en aumento tanto nas sesións destinadas á biblioteca das titorías como no tempo de lecer. No curso 22/23 comezamos na elaboración dun PDI (Proxecto Documental Integrado), aínda que xa durante anos anteriores se traballaba de xeito similar. Este curso a biblioteca abreu por primeira vez as súas portas durante o tempo de lecer, polo que o seu uso e afluencia aumentou considerablemente; creouse un grupo de Club de Lectura por primeira vez neste centro, o que amosa interese pola lectura e as actividades compartidas, incíase a actividade das mochilas viaxeiras, a cal está tendo moito éxito entre o alumnado; destinouse un tempo específico de uso exclusivo para a biblioteca en cada curso (2 sesións cada un)...etc.

En canto ás dificultades na práctica lectora e escrita débese ter en conta que se conta cunha pequena porcentaxe de alumnado que precisa unha maior motivación de cara a facer estas prácticas de forma voluntaria. Ademais, faise necesaria unha actualización de recursos con máis frecuencia (libros de investigación, contos, xogos de mesa, xogos educativos...), para que a biblioteca sexa un atractivo importante e para acompañar na calidade do ensino, o que favorecerá que a biblioteca sexa o motor de aprendizaxe.

2.3 Análise das metodoloxías empregadas

Dende que se comezou a traballar de forma máis colaborativa todo o claustro, empréganse metodoloxías cada vez máis activas e participativas.

Ao mesmo tempo isto fai que as prácticas lectoras e escritas se realicen tamén dunha forma máis voluntaria e cooperativa a través de actividades de lecturas compartidas, obradoiros de escritura creativa, formación no tratamento da información, exposicións orais dos traballos de investigación, actividades de fomento da lectura como os contacontos e as obras de teatro representados polo alumnado, actividades levadas a cabo polos membros do club de lectura, elaboración de podcast ... A lectura individual traballase ademais na "hora de ler", no club de lecturas nas actividades propostas polas propias titorías, entre outras.

Así mesmo, é importante o traballo cos xornais, xa que cada mércores recíbense varios exemplares para as aulas.



2.4 Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.

• Recursos materiais

Neste momento a biblioteca conta con aproximadamente 2500 fondos bibliográficos (debido a que actualmente se están catalogando en Meiga todos os exemplares, non sabemos o número exacto cos que contamos). Tamén hai un ordenador e 6 tablets con conexión a internet, algún xogo educativo de mesa e un proxector á dispoñibilidade de todo o centro. Outros materiais que tamén son empregados son as marionetas e o biombo para obras de teatro.

Así mesmo, todas as aulas (de Infantil e Primaria) dispoñen dunha biblioteca de aula con fondos bibliográficos que serán rexistrados unha vez que se remate co rexistro dos que se atopan na biblioteca.

Tamén o alumnado e familias colaboran aportando libros e materiais segundo os proxectos que se van realizando. Contamos ademais, con varios robots.

• Recursos humanos

Todo o profesorado, titores e especialistas, participan na posta en marcha do Plan de Lectura.

Na biblioteca colabora todo o profesorado, aínda que o Equipo de Biblioteca e os axudantes voluntarios de 5º e 6º Ed. Primaria son os encargados de por en marcha a maioría das intervencións e actividades levadas a cabo na biblioteca: préstamos e devolucións de fondos, colocar libros nos andeis, selar e forrar libros novos, reparar os deteriorados, preparar expositores, decoracións de espazos, contacontos...

O Equipo de biblioteca está formado por varios mestres de diferentes niveis e especialidades e reúnense un/dous martes ao mes para planificar actividades e actuacións.

2.5 Necesidades de formación do profesorado neste ámbito

O profesorado do noso centro está disposto a formarse dunha maneira sistemática e continúa. Ademais, no vindeiro curso prevense poucos cambios a nivel de claustro, polo que poderemos continuar coa formación que consideremos necesaria.

A responsable da biblioteca e un membro do equipo acudiron ás Xornadas da Bibliotecas Escolares en Santiago de Compostela en novembro de 2022. A información recibida nas xornadas, nos encontros e mesmo noutros cursos transmítese despois no centro educativo ao resto de mestres interesados.

Ademais, este curso 22/23, unha das liñas dos Proxectos de Formación Permanente do Profesorado vai en relación a biblioteca escolar e ao desenvolvemento dos PDI, nos que estamos involucrados a gran maioría do claustro.



3. OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN

3.1 Obxectivos para a formación de lectores competentes e creación e consolidación de hábitos de lectura.

Educación Infantil

- a) escoitar e comprender contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro... tanto tradicionais como contemporáneos.
- b) Disfrutar da dramatización de textos literarios.
- c) Memorizar e recitar textos de carácter poético.
- d) Participar de forma creativa en xogos lingüísticos (encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeias...)
- e) Mostrar interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias.
- f) Introducirse no uso da biblioteca do centro e da aula como centro de recursos.

Educación Primaria

- a) Desenvolver competencias para ler con fluidez, velocidade e entoación adecuadas.
- b) Familiarizarse e comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.
- c) Traballar estratexias elementais de comprensión lectora.
- d) Estimar o valor dos textos literarios e servirse da lectura como fonte de pracer, información e enriquecemento persoal.
- e) Crear a situación adecuada para que o alumnado sinta o desexo ou a motivación de ler e perciba a lectura como un acto de pracer e unha necesidade.
- f) Facer partícipes ás familias neste proceso co obxectivo de relacionar a lectura e a vida cotiá, evitando así limitala ao ámbito escolar.
- g) Entender a lectura como unha fonte de coñecemento e de enriquecemento lingüístico e persoal.
- h) Aprender destrezas básicas como saber escoitar, saber falar...
- i) Impulsar progresivamente o gusto pola lectura a través dunha selección de textos que adecúen a súa linguaxe e temática aos intereses e aos coñecementos do alumnado.
- j) Desenvolver en cada nivel educativo, de xeito gradual, competencias que aseguren unha lectura comprensiva, eficaz e fluída, tamén a memoria, un amplo léxico e capacidade de concentración individual e de atención na lectura de grupo.
- k) Exercitar a lectura expresiva de diferentes tipoloxías textuais utilizando o rexistro adecuado a cada unha: ritmo, entoación, pronuncia.



- l) Espertar a sensibilidade, a imaxinación e a creatividade mediante a lectura, así como a facultade de razoamento crítico.
- m) Sentar as bases para un achegamento persoal á lectura, axudando a atopar as súas afinidades e gustos, potenciando dende o centro as lecturas en lingua galega.
- n) Animar á produción propia de textos sinxelos a partir da observación de modelos e estimular o gusto por compartir estas creacións.
- o) Suscitar (a través de valores explícitos ou subxacentes nas lecturas) unha mirada crítica, tolerante e reflexiva e unha percepción máis complexa e aberta do entorno, que rexeite os prexuízos por razóns de sexo, condición social, orixe xeográfica...
- p) Favorecer o uso continuo e autónomo da biblioteca para que o alumnado se familiarice coas súas normas de uso e os seus fondos, e a considere un espazo privilexiado de aprendizaxe e goce.
- q) Incentivar un achegamento ás novas tecnoloxías que permita obter e seleccionar a información pertinente.
- r) Fomentar o hábito lector en lingua extranxeira inglesa.

3.2 O proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información. Literacidade. Competencia lectora. Competencia literaria.

Para acadar unha competencia lectora programamos actividades para:

- a) Aprendizaxe dos códigos: escritos, visuais, sonoros, cinematográficos...
- b) Traballo con distintos tipos de textos: narracións, revistas, poemas, cancións, cómic, imaxes, fotografías, pintura, gráficos, textos informativos, esquemáticos, publicitarios, xornalísticos...
- c) Integración das TIC e prácticas lectoras en todos os soportes en situacións contextualizadas.
- d) Aprendizaxe de estratexias de comprensión lectora.

Para acadar unha competencia literaria programamos actividades para:

- a) Ler literatura polo pracer de ler.
- b) Ler literatura para realizar determinadas tarefas, con obxectivos curriculares.
- c) Textos diversos (contido, xénero e complexidade).
- d) Itinerarios lectores que se especifican no Plan Anual de Lectura.
- e) Progresión nas propostas de textos cada vez máis exixentes co lector.
- f) Contacontos



3.3 Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.

En cada etapa e nivel educativo empregaranse para as lecturas todo tipo de textos e en diferentes soportes (impreso ou dixital) e con variedade de finalidades. Estas lecturas serán seleccionadas a principios de cada curso no Plan Anual de Lectura (PAL) e as/os titores coidarán de escoller as que mellor se adapten as necesidades e características do nivel educativo que corresponda. Os membros do equipo de biblioteca apoiarán aos mestres na selección de lecturas e buscarán os fondos e recursos en diferentes soportes para levar a cabo o PAL.

O tipo de textos variará segundo o nivel educativo. Os textos poderán ser: narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, manuais de instrucións, científicos ou documentais, literarios (relatos, contos, poesía, teatro...), publicitarios, periodísticos, dixitais (textos nos blogues ou revistas dixitais), textos da vida cotiá (tickets e folletos do supermercado...)

Os soportes das lecturas debe ser variados e atractivos para o alumnado. Tendo en conta que na actualidade as pantallas (pizarras dixitais, ordenadores, tablets, libros electrónicos) son o soporte máis atractivo combinaremos o seu uso co soporte en papel (libros, revistas, cómics, mapas, carteis, folletos, lapbooks...)

3.4 Metodoloxías máis axeitadas

Nos últimos cursos o equipo de biblioteca ven apoiando e animando ao profesorado no uso de metodoloxías activas e participativas como promove a LOMLOE. O traballo por proxectos e a aprendizaxe cooperativa é o enfoque metodolóxico que fomentamos.

Na ensinanza da lectura, é necesario primar aqueles enfoques didácticos máis coherentes cos fins e obxectivos que se perseguen. Neste senso, quérense destacar, como tales, os enfoques integrados, cooperativos, funcionais, socioculturais, prácticos e comunicativos, que favorecen a formación de lectores competentes capaces de comprender, analizar e interpretar diversidade de situacións comunicativas, xéneros discursivos e tipos de texto, así como acceder a fontes de información e documentación variadas (prensa, radio, televisión, cine, Internet, bibliotecas...).

- **No tratamento da lectura**

O fomento da lectura precisa da colaboración entusiasta por parte de todo o profesorado do centro en colaboración coas familias.

As actividades que con maior seguridade facilitan o achegamento aos libros e á lectura son aquelas de carácter sistemático e continuado: a lectura e as



actividades orais e/ou escritas arredor dos mesmos, buscando a comprensión, o intercambio de significados, opinións, ideas que estes poidan suxerir. As actividades de carácter puntual reafirmarán o traballo cotián pero non garanten por si soas o hábito lector.

As actividades con diversos tipos de textos, que inclúan así mesmo a infografía e a imaxe nos seus variados soportes, así como as linguaxes e léxicos específicos de cada ámbito de coñecemento, serán obxecto de traballo de lectura comprensiva nas diferentes áreas.

Resulta imprescindible empregar cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética.

A formación da lectura comprensiva esixe, á súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de material: pictogramas e imaxes, textos literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios... Aproveitaranse as posibilidades dos libros de texto, no seu caso, e dos materiais curriculares das distintas áreas pero ampliarase este tratamento a todo tipo de textos impresos, audiovisuais ou multimedia, sempre motivadores e axeitados ó nivel dos lectores. Inclúense materiais en galego, castelán e inglés.

3.5 Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

A biblioteca é un espazo amplo, as estanterías pegadas as paredes permiten que se destine o espazo que queda no centro para a lectura e para o xogo. Ademais, a biblioteca conta cun rincón TIC cun ordenador dispoñible e unha mesa de traballo. A zona do centro permite realizar actividades como: contacontos, títeres, representacións, charlas informativas, encontros cos escritores e ilustradores...; a zona de mesas permite o traballo individual ou en grupo para os traballos de documentación; a zona de proxeccións permítenos: contar historias (xa impresas ou elaboradas por eles), expoñer traballos, ver películas e documentais, adquirir formación (usuarios e documental); a zona de ordenador permite levar a cabo buscas de información, tanto a través de internet como mediante enciclopedias dixitais, pero tamén permiten acceder toda a información que se atopa noutros soportes distintos do papel; a mesa de información funciona como punto de axuda a tódolos usuarios e tamén como o lugar de xestión de préstamos e devolucións.

As bibliotecas de aula están dotadas con fondos provintes da biblioteca. Outros espazos axeitados para as lecturas compartidas e as actividades interniveis e interetapas son os corredores e os diferentes patios.



A organización dos tempos é fundamental para acadar un traballo sistemático de fomento da lectura e da escritura. Por iso cada grupo ten no seu horario semanal, dúas horas reservadas para a visita á biblioteca.

A sesión da Hora de ler terá lugar todos os días á volta do tempo de lecer (11:30- 12:00) e será responsabilidade de titores e especialistas que lles corresponda a 4ª sesión da mañá seguindo o plan de lectura concretado no nivel.

Así mesmo, tamén se empregan as paredes e espazos intercurso para colgar murais de exposicións de traballos feitos por eles, obradoiros elaborados na biblioteca, traballos de titorías e especialidades... facendo do espazo un lugar onde se comparten aprendizaxes.

3.6 A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social. Recursos culturais do entorno. (Bibliotecas e outros)

A nosa biblioteca é un recurso imprescindible e para iso precisa estar en continuo cambio buscando ser un lugar de encontro cos compañeiros/as para aprender de forma cooperativa. Esta é a liña de traballo que da cabida a todos e todas para participar nos obradoiros e actividades do centro na que o protagonista é o alumnado.

Ademais dos recursos da propia biblioteca tamén promovemos o uso doutros espazos como a Biblioteca Municipal de San Vicente acudindo a ela para diferentes actividades de animación á lectura (teatro, actuacións musicais, contacontos...), [formación de usuarios](#) e informamos ao alumnado e as familias do seu programa de actividades que son moitas e variadas.

O Equipo de Actividades Extraescolares coordina tamén as saídas á capital da nosa provincia para ver diferentes actuacións teatrais e musicais, actividades da Afundación de Pontevedra...

3.7 Coordinación do proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.

A responsable de biblioteca informará ao profesorado de nova incorporación como acceder ao documento do Plan de Lectura e tamén ao documento do Plan Anual de Lectura (PAL) do último curso.

Posteriormente os grupos das diferentes etapas e niveis aproveitarán as reunións previas ao comezo do curso para revisar, actualizar e concretar as actividades do Plan Anual de Lectura que serán entregados á responsable de biblioteca.



A responsable da biblioteca como coordinadora do Plan de Lectura e co fin de unificar criterios de actuación, supervisará que os PAL se axusten ao establecido neste documento e que concreten os seguintes puntos:

1. Organización dos espazos e tempos.
2. Actividades de comprensión oral e escrita.
3. Actividades de expresión oral e escrita.
4. Actividades para a implicación das familias.

3.8 Modo de difusión e apoios necesarios

O Plan de Lectura estará accesible a toda a comunidade educativa no espazo web do centro. Nas reunións informativas coas familias de comezo de curso se lles informará dos plans e proxectos do centro máis importantes, incluído o Plan de Lectura. Será necesario que toda a comunidade educativa esté informada para poder levar a cabo o proxecto xa que a colaboración entre familias e mestres é fundamental para acadar mellores resultados.

Tamén se compartirá co claustro novo cada curso, para que o poidan consultar.

Así mesmo a colaboración coas outras bibliotecas do Concello, principalmente coa biblioteca de San Vicente, permitirá ampliar os recursos e ofertar un servizo de calidade. Así mesmo, estaremos abertos á colaboración con outros centros, institutos...

4. INTERVENCIÓNS QUE COMPRE SISTEMATIZAR

4.1 Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.

A comprensión lectora será obxecto de traballo en todas as áreas de aprendizaxe. Tamén se terá en conta o obxectivo ou intención de cada lectura para poder avaliar de forma eficaz a capacidade de resposta do alumnado ante as dificultades de comprensión. Será convinte seleccionar lecturas que conecten cos intereses do alumnado e que as actividades propostas adquiran sentido para o lector.

Estratexias que se levarán a cabo:

-Antes da lectura: Analizar que sabe o alumnado sobre o que se vai ler, establecer predicións e elaborar preguntas sobre o texto para comprobar a comprensión lectora.

-Durante a lectura: Pódense empregar diferentes tipos de actividades que favorecen o acceso á comprensión como as lecturas individuais e silenciosas, lectura exemplificadora do mestre, lecturas compartidas cos compañeiros e que tamén desenvolven a afectividade, aclaracións de dúbidas acerca do texto, prácticas de lectura independente, identificar erros nun texto...



- Despois da lectura: Comentar a idea principal, elaborar resúmenes, formular as preguntas de comprensión que poden ser de resposta literal, preguntas para pensar na que o lector deberá relacionar diversos aspectos do texto para atopar a resposta ou preguntas de elaboración persoal.

Tamén é importante programar actividades que fomenten a creatividade: representacións de pequenas obras baseadas na lectura, elaboración de xogos tipo trivial, inventar finais diferentes das lecturas, facer trailers das lecturas...

Das actividades para formar lectores críticos podemos destacar: lecturas con temáticas relacionadas con todo tipo de valores, crear libros de recomendacións, facer suxestións ao Equipo de Biblioteca nas enquisas de fin de curso, compartir as ideas e opinións sobre as lecturas cos compañeiros e mestres, promover a participación no club de lectura do centro...

4.2 Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas.

Todo o profesorado terá o compromiso de fomentar hábitos de lecturas en todas as áreas de aprendizaxe seguindo o actual Decreto. Cada mestre e especialista programará actividades para traballar e avaliar os estándares relacionados coas competencias lingüística e dixital da súa área de aprendizaxe fomentando así, entre outros aspectos, os hábitos de lectura.

4.3 Actividades de educación documental (educación en información). Integración das TIC

O Equipo de biblioteca coordinará as actividades de formación de usuarios que serán levadas a cabo ao inicio de curso. Estas sesións irán destinadas principalmente ao coñecemento do uso e funcionamento da biblioteca, da ubicación dos libros nos andeis e na busca de libros e recursos. Os tutores terán tamén unha función importante nesta labor de formación, recordando normas e guiando ao seu alumnado nas horas de biblioteca.

Todo o profesorado velará pola educación documental programando actividades nas que o alumnado elabore traballos de investigación, guiando o proceso de busca, orientando o uso correcto das fontes informativas e da internet, ensinando a seleccionar as fontes fiables en distintos soportes. O Equipo de biblioteca colaborará cos mestres e o alumnado na elaboración dos pasos a seguir nos proxectos documentais do centro, de nivel ou de aula, na selección de fondos bibliográficos e dixitais dispoñibles na biblioteca e na internet, na compra de novos materiais necesarios e na documentación e difusión dos proxectos a través da [web do cole](#) e o [blog de Biblioteca e EDLG](#).

4.4 Implicación das familias e do entorno.

As familias terán a súa representación no seo do Consello Escolar e serán tidas en conta as súas propostas para consensuar entre toda a comunidade educativa as liñas de traballo de cara a conseguir un alumnado o máis



autónomo posible nos hábitos de lectura, escritura e no tratamento da información.

Tanto o equipo de biblioteca como o resto do profesorado buscará a implicación das familias e outras persoas do entorno que poidan colaborar no desenvolvemento do Plan de Lectura, e máis concretamente, no PAL.

Para iso programaranse actividades de animación á lectura como "Contacontos por un día" no que as familias acoden a Educación Infantil para lerlles contos ao alumnado, promoverase a súa participación nas mochilas viaxeiras que o alumnado leva a casa cun diario onde teñen a posibilidade de aportar, orientarse ás familias na forma de acompañar e facer un seguimento das lecturas, fomentaremos a participación na posta en marcha do Proxecto Documental Integrado de cada curso aportando recursos materiais (libros, xogos...) ou persoais (os seus coñecementos na temática elexida), así como nas diferentes conmemoracións que se celebren nas que se requira da súa participación, animarase á comunidade educativa a participar nas charlas informativas que organice o centro e apoiaremos as decisións tomadas de maneira consensuada.

O equipo de biblioteca publicará [guías de lectura, recomendacións e orientacións](#) para ler coa familia a través do blog de biblioteca e boletíns informativos.

5. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

5.1 Elaboración de instrumentos.

A análise dos resultados debe comprobar ata que punto foron desenvolvidas as iniciativas previstas neste Proxecto e se contribuíron á consecución dos obxectivos do mesmo. Débese abordar o impacto que tivo nos hábitos lectores, na mellora das capacidades de comprensión e expresión oral e escrita do noso alumnado, nas competencias lingüísticas, dixitais, culturais e na competencia de aprender a aprender.

Para a avaliación terase en conta a seguinte lista de control:

CRITERIOS	SI/NON
A responsable da biblioteca coordinou o Plan de Lectura colaborando cos titores e unificando e promovendo as metodoloxías activas e participativas.	
O equipo de biblioteca aportou os recursos necesarios para o	



desenvolvemento do Plan de Lectura.	
Existiu un adecuado desenvolvemento do programa de actividades de animación á lectura e melloras do hábito lector no alumnado.	
Mostrouse o suficiente nivel de formación de usuarios e capacidade de alumnado e mestres para localizar e utilizar os documentos da biblioteca e dos recursos informáticos e Internet.	
Empregouse a biblioteca como centro de recursos para a documentación no proceso de aprendizaxe e como lugar de encontro para compartir experiencias e lecturas de ficción e lecturas de carácter informativo.	
Conseguiuse un uso fluído e aplicación das novas tecnoloxías da información para ler, escribir e seleccionar información válida.	
Coñece o alumnado o funcionamento dunha biblioteca, sendo capaz de atopar os recursos dispoñibles en calquera das que están á súa disposición.	
Conseguiuse unha participación importante nas actividades proposta ás familias.	
Aumentou o número de fondos bibliográficos emprestados.	
O club de lectura funcionou correctamente e mantívose o numero de alumnado inscrito dende que se creou	
O Plan de Lectura contribúe a adquisición das competencias clave	

Teremos tamén en conta se os resultados en competencia lingüística foron satisfactorios, tanto nas avaliacións ordinarias como nas externas.

6. ELABORACIÓN, SUPERVISIÓN E APROBACIÓN.

Este proxecto está coordinado pola responsable de Biblioteca e unha mestra membra do equipo de biblioteca e foi revisado polo profesorado do centro a través dos equipos de nivel, o departamento de Orientación, os 4 Equipos de traballo do centro: Actividades Extraescolares e complementarias,



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP "AS BIZOCAS"
Balea s/n 36988 O Grove- Pontevedra-Telf. 886 15 19 72
e-mail:ceip.asbizocas@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipasbizocas



Dinaminación da Lingua Galega, TICS e Biblioteca. Tivéronse en conta as propostas da comunidade escolar a través dos resultados das enquisas ás familias.

Este documento foi supervisado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica o día 21/11/2023 e aprobado no Claustro e no Consello Escolar celebrado o día 05/12/2023